

PROPOSTA CONCRECIÓN CURRICULAR



C.E.I.P PLURILINGÜE XOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ

Índice

1. Bases legais	3
2. Introducción.....	3
3. Adecuación e concreción dos obxectivos de E. Infantil e da E. Primaria.....	3
• Obxectivos de EI.	
• Obxectivos de EP.	
• O contexto do centro.	
• Concreción dos obxectivos ao contexto do centro.	
4. Contribución á adquisición das competencias clave	6
5. Orientacións para incorporar os elementos transversais	8
6. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía a empregar	9
7. Criterio de selección de materiais e recursos para o desenvolvemento do currículo	10
8. Criterios de oferta educativa	10
9. Criterios de deseño de actividades complementarias	11
10. Criterios para o deseño do plan específico de reforzo para o alumnado repetidor.....	11
11. Criterios xerais de avaliación das aprendizaxes do alumnado.....	12
12. Criterios xerais de promoción do alumnado.....	13
13. Criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.....	13
14. Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	14
15. Criterios e procedementos para a avaliación e modificación da proposta curricular.....	15
16. Anexo I: Avaliación da proposta curricular	16

1.- BASES LEGAIS

- **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio**, de Educación. (B.O.E de 4 de maio)
- **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **ORDE do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- **ORDE do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

2.- INTRODUCCIÓN

No artigo 13 do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, se establece que os centros docentes desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo e fixarán a súa concreción e incorporarán a seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial, e tamén poderán establecer medidas de flexibilización na organización das áreas, nas ensinanzas, nos espazos e nos tempos, e promover alternativas metodolóxicas, co fin de personalizar e mellorar a capacidade de aprendizaxe e os resultados de todo o alumnado.

En consecuencia, o equipo directivo do centro, de acordo coas directrices propostas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, estableceu as actuacións precisas para que o Claustro do profesorado, a partir do currículo establecido, concretase a proposta curricular do centro.

3.- ADECUACIÓN E CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Obxectivos da Educación Infantil

Artigo 7 do decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.

- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Obxectivos da Ensinanza Primaria

Artigo 7 do decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

O noso contexto.

O CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López é un centro público de EI e EP, situado na vila de O Porriño. O concello ten unha poboación aproximada de 20.000 habitantes repartidos en varias parroquias e o centro urbano.

O CEIPP Xosé Fernández López está ubicado no núcleo urbano, entre a antiga estrada de Ourense hoxe rúa Antonio Palacios e a rúa Doantes de Sangue. É unha zona de servizos que se completa co IES Pino Manso, o CPR Hermanos Quiroga, a gardería pública “A Galiña Azul”, o Pavillón municipal de deportes, que ten dúas pistas e a piscina cuberta, o Punto de Atención Continuada (ambulatorio do SERGAS), os Xulgados e a Tesourería da Seguridade Social.

A temperatura media anual é de 14,8 graos e a pluviosidade é abundante, cun total de 1514 mm anuais. Cabe destacar a existencia de 39,8 días de néboa ó ano.

O centro limita ó norte coa rúa Antonio Palacios, ó sur cunha zona polideportiva, ó leste cun camiño veciñal e ó oeste coa rúa Doantes de Sangue. A 400 metros pódese enlazar, a través da subida á Risca, coa autovía Vigo Ourense e a 1.300 metros está a Estación do Ferrocarril.

É un centro que oferta os servizos complementarios da aula matinal, aula sobremesa, transporte, comedor e actividades extraescolares polas tardes; que favorecen a conciliación familiar.

Temos unha ANPA coa que mantemos unha boa relación. Acoden maioritariamente ás reunións

ás que son convocadas/os e participan das actividades e proxectos do centro.

O alumnado usa maioritariamente o castelán como lingua vehicular, en xeral é disciplinado e atende ás explicacións do profesorado sen presentar problemas de comportamento graves.

Ao noso centro asiste alumnado con NEE, NEAE así como moito alumnado procedente do estranxeiro co que se aplican as medidas de atención á diversidade recollidas no decreto 229/2011 e a orde do 22/09/2022 necesarias, que garanten o seu desenvolvemento académico, persoal e afectivo-social. Para isto, contamos co asesoramento do departamento de Orientación (composto por Orientador, unha mestra especialista de AL, unha mestra definitiva de PT) e unha cuidadora a tempo completo.

Concreción dos obxectivos do noso centro.

- Desenvolver a personalidade e todas as capacidades do alumnado.
- Educar no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade, e outras nacionalidades.
- Educar no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- Educar na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- Formar para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.
- Desenvolver a capacidade dos/as alumnos/as para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Formar no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Adquirir hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- Capacitar para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciar o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- Fomentar no alumnado a importancia de reciclar, reducir e reutilizar para protexer o medio ambiente.
- Valorar a importancia da educación emocional no desenvolvemento integral do alumnado.

4.- CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A etapa de **educación infantil** supón o inicio do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente.

O currículo de infantil baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias integradas nos elementos curriculares. Establécense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas para o alumnado e propostas metodolóxicas innovadoras.

As competencias clave son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.

O currículo da **educación primaria** pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias clave e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física.

A etapa de educación primaria participa do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave adaptáronse ao contexto escolar, así como aos principios e fins do sistema educativo.

O currículo establecido neste decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral.

As competencias clave son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD)
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

Desde o noso centro contribuiremos ao desenvolvemento destas competencias promovendo :

- O desenvolvemento da personalidade e todas as capacidades do alumnado.
- Educando no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade, e outras nacionalidades.
- Educando no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia,

así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

- Educando na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- Formando para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.
- Desenvolvendo a capacidade dos/as alumnos/as para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Formando no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Adquirindo hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- Capacitando para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciar o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- Fomentando no alumnado a importancia de reciclar, reducir e reutilizar para protexer o medio ambiente.
- Valorando a importancia da educación emocional no desenvolvemento integral do alumnado.

5.- ORIENTACIÓNS PARA INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais deben estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a ensinanzas fundamentais para vivir en sociedade.

Débense enfocar como algo necesario para vivir nunha sociedade como a nosa. Iranse aplicando en cada bloque ou unidade no momento no que o profesorado o considere oportuno, aproveitando aquelas cuestións e problemas que se prestan a debate e que gardan relación cos distintos temas transversais que se poden presentar no desenvolvemento da unidade didáctica, ou ben vir relacionado por noticias ou feitos ocorridos na contorna do alumnado.

Os elementos transversais traballaranse en todas as áreas, así como na comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional e a educación para a igualdade, e fomentarase:

1. A inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e a non discriminación. Con este obxectivo estableceranse alternativas metodolóxicas e de atención á diversidade que sexan necesarias para que o alumnado con discapacidade poida desenvolver o seu

proxecto persoal en igualdade de oportunidades.

2. O desenvolvemento de valores inherentes á igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Farase especial fincapé nos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención de violencia de xénero. Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación.

3. A aprendizaxe na prevención e resolución pacífica de conflitos a través das accións recollidas no Plan de Convivencia.

4. A aprendizaxe de valores que sustentan a convivencia democrática: liberdade, xustiza, igualdade, a pluralidade, a paz e o respecto aos dereitos humanos e ao Estado de dereito e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

5. A inclusión de elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o respecto ao medio ambiente, as situación de riscos derivados da utilización das novas tecnoloxías, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

6. A inclusión de elementos curriculares relacionados co respecto e protección ao noso patrimonio artístico e cultural.

7. Hábitos de vida saudable coa finalidade de incorporar no comportamento dos/as nenos/as a actividade física e unha dieta equilibrada.

6.- DECISIÓNS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA A EMPREGAR.

Como norma xeral, priorizaremos metodoloxías activas e contextualizadas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos e competencias en situacións reais que permitan xerar aprendizaxes máis transferibles e duradeiros. Apoiarémonos en estruturas de aprendizaxe colaborativo na que a figura do/a profesor/a será a dun ou dunha mediador/a que facilite que o alumnado vaia construíndo as súas aprendizaxes en función das súas competencias e ritmo de aprendizaxe nun contexto no que pode compartir os logros e resolver as dificultades coa axuda doutros/as.

A finalidade principal das actividades educativas será que o alumnado adquira mecanismos de aprendizaxe que faciliten enfrontarse a situacións novas, máis alá do ámbito académico, por iso, na medida do posible, deberán propoñerse actividades que teñan como referente situacións da vida cotiá próximas ao alumnado.

Tendo en conta isto, destacamos os seguintes principios metodolóxicos na nosa tarefa docente:

- Fomentar o interese do alumnado pola aprendizaxe introducindo actividades atractivas que instiguen a súa curiosidade e afán de aprender e utilizaranse recursos didácticos variados entre os que se contemplarán as ferramentas TIC.
- As actividades propostas serán de dificultade variable para adecuar o ritmo de aprendizaxe aos diferentes niveis competenciais do grupo de alumnos/as. Deberán ter presente a atención á diversidade. Deben arbitrarse métodos que favorezan a integración do/a neno/a con problemas de aprendizaxe e con necesidades educativas especiais. De igual forma, atenderase ao alumnado que destaque polo seu interese polo coñecemento.

- Concederáse especial relevancia á planificación e execución de tarefas en grupo. Isto servirá para favorecer a cooperación, o intercambio e confrontación de ideas e o debate intelectual, a superación de actitudes e/ou estereotipos discriminatorios de cara a acadar un mellor clima de convivencia baseado no respecto mutuo, a colaboración e a solidariedade.
- Incorporaranse propostas de traballo que faciliten a adquisición de destrezas que axuden ao alumnado a aprender por si mesmo coa finalidade de aumentar a súa autonomía e afianzar a autoconfianza e mellorar a súa autoestima, ao tempo que lles axuda a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora.

En función destes principios, fomentaranse nas diferentes áreas ou materias a aprendizaxe por proxectos, por centros de interese, o estudo de casos, a aprendizaxe baseada en problemas e o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

Débase crear un clima que favoreza a comunicación e a relación profesor-alumnado e alumnos/as-alumnos/as.

7.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO.

Corresponderá á Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro establecer os criterios pedagóxicos para determinar os materiais e recursos de desenvolvemento curricular das diferentes ensinanzas.

A nivel xeral teranse en conta os seguintes criterios:

- Os materiais e recursos serán variados e apropiados ao alumnado ao que van dirixidos.
- Que integren os elementos transversais.
- Que integren diferentes soportes instrumentais.
- Que fomenten a autonomía do alumnado e as estratexias de investigación e tratamento da información.
- Que permitan a súa adaptación á diversidade do alumnado de cada nivel e/ou etapa educativa.

Poderán ser:

- Libros de texto. Publicados por editoriais, identificados polo correspondente ISBN e deseñados especialmente para cumprir co currículo vixente.
- Libros de consulta ou lectura. Publicados por editoriais, identificados polo correspondente ISBN, que non están deseñados para cumprir co currículo e que poderían ser utilizados na súa totalidade ou en parte para o seguimento da materia.
- Audiovisuais. Materiais multimedia, utilizados para o seguimento da materia.

8.- CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA.

No noso centro contamos con 20 aulas. 6 son de Educación Infantil e 14 de Educación Primaria.

Buscamos que o alumnado goce da lectura e a escritura, que non a vexan como unha actividade escolar, senón como un momento persoal de desfrute. Por este motivo, a diario dedicamos un tempo á lectura. Queremos desenvolver neles/nelas o hábito lector e escritor, de maneira que a lectura e a escritura se convertan nunha actividade prazenteira elixida libremente.

Ademais, as familias poden elixir relixión católica, evanxélica, atención educativa, ou proxecto competencial.

Contamos cos servizos complementarios da aula matinal, aula sobremesa, transporte, comedor e actividades extraescolares polas tardes; que favorecen a conciliación familiar.

O centro colabora en actividades culturais, deportivas, ... o labor conxunto pais/nais-mestres é o que fai posible acadar os obxectivos educativos propostos.

9.- CRITERIOS DE DISEÑO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

As actividades complementarias son aquelas actividades didácticas que, formando parte da programación docente e realizándose fundamentalmente no horario lectivo, teñen un carácter diferenciado, ben sexa polo momento, polo lugar onde se realizan, ou polos recursos ou a implicación do centro.

As actividades extraescolares son as que pretenden acercar o centro á súa contorna e procuran a formación integral do alumnado.

Ámbalas dúas contribúen ao desenvolvemento do proceso educativo, tanto no aspecto académico, coma no referente á socialización do alumnado e a súa integración no entorno. A principios de curso se organizan as posibles saídas didácticas e son incluídas na Programación Xeral Anual e aprobadas polo Consello Escolar.

O centro celebrará todas aquelas conmemoracións marcadas pola orde do calendario escolar de cada curso.

Ademais, festexaremos no centro sempre o Samaín, Magosto, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas e final de curso.

En canto as actividades extraescolares están organizadas e xestionadas pola ANPA. No mes de setembro comezan a realizarse para favorecer a conciliación familiar.

Neste curso contamos con barro e pintura, taekwondo, baloncesto, balonmán, tenis, xadrez, baile, patín en liña, piscina, cociña e inglés.

10.- CRITERIOS XERAIS PARA O DISEÑO DO PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR.

O equipo docente coordinado polo profesor/a, titor/a será o encargado de elaborar e facer o seguimento do plan específico de reforzo para o alumnado repetidor.

Este plan contará polo menos cos puntos indicados polo artigo 50 da Orde do 8 de setembro de

2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O titor/a informará aos pais/nais ou titores legais da realización e posta en marcha de do plan deixando constancia por escrito.

11.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos currículos actualmente vixentes.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

Ao longo de cada curso, ademais da avaliación inicial, realizaranse tres sesións de avaliación, unha por trimestre e unha avaliación final.

O profesorado porá as cualificacións no Xade no período indicado pola xefatura de estudos. O profesorado ensinará no prazo máis breve posible ao alumnado na súa aula as probas corrixidas coa finalidade de ver os erros e a súa valoración.

As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia nel, contará co asesoramento do Departamento de Orientación e asistirá algún membro do equipo directivo.

Cando o progreso do/a alumno/a non sexa o adecuado, levaranse a cabo todas as medidas ordinarias (como o reforzo educativo), e, unha vez esgotadas estas, utilizaranse as extraordinarias (como a adaptación curricular) coa finalidade de garantir, na medida do posible, a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O/A titor/a levantará acta dos acordos e decisións tomadas polo equipo educativo e trasladará os correspondentes boletíns informativos ao remate de cada avaliación ás familias, que poderán visualizalos a través da aplicación Abalar.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O alumnado de EP que promocióne de curso con áreas sen superar deberán recibir os apoios necesarios para acadar os contidos non alcanzados no curso anterior.

Ao finalizar os curso 2º e 4º da etapa primaria o/a titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición de competencias de cada alumno/a indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa, en 6º curso, o alumnado disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e o grao de adquisición de competencias. No caso de alumnado NEE, o informe deberá reflectir as aplicacións e medidas tomadas e a súa necesidade de continuación na etapa seguinte.

12.- CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Promoción na Educación Primaria.

Segundo consta no Art. 22 do **DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

O Claustro de mestres/as do CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López, de acordo coa lexislación vixente, establece os seguintes criterios de promoción en Educación Primaria:

Promocionará ao ciclo ou etapa seguinte o/a alumno/a que se considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas así como a adquisición de capacidades necesarias para a consecución dos obxectivos programados nas distintas áreas, independentemente de que o rendemento non sexa de todo satisfactorio e aínda no caso de que fose avaliado negativamente nalgunha área ou materia.

Se o alumno/a foi avaliado/a negativamente en tres áreas ou máis, sendo dúas delas Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e/ou Matemáticas, non promocionará ao nivel ou etapa seguinte salvo que o equipo docente considerase que esta non fora a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. A repetición de curso irá acompañada dun plan específico de reforzo (art. 50 Orde do 8 de setembro de 2021) orientado a acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Só se poderá repetir unha vez en toda a etapa. Atenderase tamén ao establecido no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, que di que a escolarización en Educación Primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente, das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado.

A avaliación será continua, global e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No caso de que o alumno/a promocióne con avaliación negativa nalguna das áreas, deberá establecerse un plan de actuación dirixido á mesma.

Cando algunha das áreas non aprobadas se supere en cursos posteriores, considerarase recuperada para todos os efectos.

13.- CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

As programacións se realizarán seguindo os seguintes criterios:

- * Características socioculturais e económicas da nosa zona.
- * Necesidades e características do noso alumnado (atención á diversidade).
- * Emprego da metodoloxía acordada no Proxecto Educativo.
- * Deseño de contidos que favorezan ao desenvolvemento das competencias clave.
- * Actividades adaptadas aos intereses d@s nen@s e que promovan a súa participación.
- * Favorecer un clima integrador, positivo, educativo e que promova a empatía.

14.- CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DE CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.

Este ano continuaremos co **Proxecto de Formación Permanente do Profesorado** para dinamizar a biblioteca de centro, a radio escolar e o material recibido de Polos Creativos.

Ademais revisaremos e modificaremos se fora necesario o actual **Plan Dixital** do noso centro, para continuar fomentando o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación e mellorar a competencia dixital do noso alumnado e profesorado. Tamén contribuirá a concretar, programar, organizar e mellorar as competencias TIC, tanto no profesorado como no alumnado, partindo da realidade actual do centro.

Tendo en conta que somos un centro **E-Dixgal**, é fundamental utilizar os recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, que guíe o uso das tecnoloxías dixitais.

O noso centro é **Plurilingüe**, polo que a materia de Educación Plástica (Arts and crafts) na etapa de Educación Primaria é impartida por un mestre/a en inglés acompañado/a pola auxiliar de conversa.

Ademais, o noso centro forma parte do Programa Xogade, organizado e coordinado polo Departamento de Educación Física, dirixido a todo o alumnado de Educación Primaria, que consiste no desenvolvemento de varias xornadas, en cada un dos trimestres.

O Programa **XOGADE** (xogos galegos deportivos en idade escolar), é unha campaña de actividade lúdico deportiva, promovida e financiada polo Servizo de Deportes da Xunta de Galicia, co obxectivo de levar a actividade a todos os concellos galegos e brindarlles aos escolares a posibilidade de practicar e competir cos clubs e colexios de toda a comunidade autónoma, dáselle así resposta a un dos

obxectivos principais da política deportiva da Xunta de Galicia: fomentar e estender o deporte educativo e saudable a toda a sociedade dende as idades máis temperás.

Combina o programa deportivo cun programa lúdico e participativo para os escolares dos centros educativos de toda Galicia, sendo este o primeiro paso cara a un deporte humanista, educativo e saudable.

O obxectivo primordial desta nova concepción do deporte será a promoción da saúde, a condición física e o benestar, sen esquecer deixar de lado o rendemento deportivo, pero asegurar que todos os escolares poidan ter acceso á práctica de actividades físico-deportivas sen que exista ningún tipo de discriminación.

15.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPOSTA CURRICULAR.

A avaliación e seguimento da concreción curricular será permanente e continua coa finalidade de permitir a introdución de correccións e modificacións que se consideren pertinentes para conseguir os obxectivos propostos e /ou introducir novos obxectivos para facer fronte a novas demandas que poidan xurdir no centro.

A avaliación realizarase a estes niveis:

- Primeiro nivel: por medio dos equipos e departamentos didácticos con periodicidade trimestral.
- Segundo nivel: pola Comisión de Coordinación Pedagóxica á que se levarán as conclusións e suxestións dos diferentes equipos e departamentos didácticos.
- Terceiro nivel: Polo Consello Escolar, ao finalizar o curso, partindo das conclusións observadas nos niveis anteriores e das que este organismo contemple e determine.

Todas estas conclusións se reflectirán na memoria final de curso.

Indicadores de logro (Anexo I)

ANEXO I

AVALIACIÓN DA PROPOSTA CURRICULAR

1. ADECUACIÓN E CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS	Grao de consecución			
INDICADORES	1	2	3	4
Adecúanse ao establecido no Proxecto Educativo (PE)				
Son concretos e claros.				
Son acordes ás características do Centro e da súa contorna				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES POR ÁREAS OU MATERIAS	Grao de consecución			
INDICADORES	1	2	3	4
Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe recollidos nas programacións didácticas son os establecidos na lexislación da nosa Comunidade Autónoma				
A secuenciación e temporalización dos contidos das diferentes programacións didácticas foi adecuada.				
Os criterios de avaliación describen con precisión aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

3. DECISIÓNS DE CARÁCTER XERAL SOBRE MÉTODOS PEDAGÓXICOS E DIDÁCTICOS	Grao de consecución			
INDICADORES	1	2	3	4
Incorporáronse nas programacións os principios metodolóxicos xerais.				
Potenciouse a autonomía do alumnado.				
Promocionouse o traballo en equipo do profesorado para dar un enfoque multidisciplinar ao proceso de ensino-aprendizaxe.				
Potenciouse o traballo en equipo do alumnado				
Prestouse atención ao desenvolvemento da capacidade do alumnado de expresarse correctamente.				
Fíxose uso das TIC				
Fomentouse nas distintas áreas ou materias os hábitos de lectura e estudio				
Fomentáronse actividades motivadoras para o alumnado				
Etabléronse medidas precisas para a atención á diversidade				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

4. SELECCIÓN DE MATERIAL E RECURSOS DO DESENVOLVEMENTO CURRICULAR	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
A CCP estableceu criterios pedagóxicos para determinar os materiais e recursos de desenvolvemento curricular.				
Incorporáronse aos materiais tradicionais materiais de carácter innovador.				
Os equipos e departamentos didácticos decidiron a elección de materiais e recursos de acordo aos criterios establecidos na CCP.				
Os materiais e recursos escollidos resultaron adecuados para a consecución dos obxectivos establecidos.				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

5. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
As programación conteñen os estándares de aprendizaxe avaliábeis, especialmente os básicos				
As programación conteñen o perfil competencial.				
As programación conteñen secuenciación e temporalización dos contidos.				
As programación conteñen os materiais e recursos de desenvolvemento curricular.				
As programación conteñen decisións metodolóxicas e didácticas conformes a esta proposta curricular.				
As programación conteñen a concreción dos elementos transversais.				
As programación conteñen medidas que promovan o hábito da lectura.				
As programación conteñen criterios claros de avaliación e cualificación.				
As programación contemplan actividades de recuperación.				
As programación contemplan medidas de atención á diversidade e reforzo educativo				
As programación conteñen programa de actividades extraescolares e complementarias.				
Resultados avaliación final por curso e materia ou área				
Aviación da práctica docente e emprego de metodoloxías activas.	Representación en gráficos			
Adecuación dos materiais e recursos utilizados				
Adecuación da temporalización				
Coordinación interna do departamento ou equipo didáctico				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

6. OS ELEMENTOS TRASVERSAIS	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
Os departamentos ou equipos didácticos determinaron os elementos transversais que se tratan de maneira prioritaria en cada materia e o seu modo de traballo.				
Todas as materias ou áreas contemplan como elementos transversais prioritarios a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.				
Inclúense nas programación a conmemoración de especial relevancia e a colaboración nestas celebracións con outras entidades públicas e/ou ONGs.				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

7. ATENCIÓN DAS ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN DO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES.	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
A xefatura de estudos facilitou ao principio de curso, aos departamentos didácticos e aos titores , das listaxes de alumnos/as con materias pendentes .				
Os/as titores/as informaron aos proxenitores ou titores legais do alumnado das materias pendentes dos seus fillos/as				
O alumnado con materia pendente foi asesorado e avaliado polo profesorado da materia pendente no curso no que está escolarizado e, no caso, de non continuar con esta materia.				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

8. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
Os referentes de avaliación son os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos nas programacións didácticas.				
Cando o progreso dun alumno/a non foi apropiado tomáronse medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular para axudarlle a superar as dificultades.				
Revisáronse periodicamente as medidas de reforzo educativo e de atención á diversidade.				
Tivéronse en conta os estándares básicos na toma de decisións sobre a promoción do alumnado con medidas de atención á diversidade.				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				